

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de outubro de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:25 horas
Lugar	Salón de sesións da casa do Concello
Presidida por	María Beatriz Bascoy Maceiras
Secretario	Antonio García Méndez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32720025H	Cristina García Rey	SÍ
32718053R	Iria Couce Rego	SÍ
32689636N	Juan Carlos Rodríguez Lago	SÍ
32716194M	Juan López Pérez	SÍ
76416986S	Magín Fernando Lago Tuimil	SÍ
32776404R	María Beatriz Bascoy Maceiras	SÍ
32690410G	María del Mar Méndez Vilela	SÍ
76418237R	Miguel Angel Pedreira Rodríguez	SÍ
32713999H	Noelia Castro Sande	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Concello de Moeche



Aprobación das actas das sesións anteriores, ordinarias de data 16/06/2020 e 20/08/2020 e extraordinarias urxentes de datas 28/08/2020 e 18/09/2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Indicase polo Grupo Municipal do Partido Popular que nas actas extraordinarias urxentes de datas 28/08/2020 e 18/09/2020 falta a ratificación da urxencia da sesión, tratándose claramente dun erro e estando de acordo coa ratificación da urxencia en ambas sesións.
Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes, a ratificación da urxencia das sesións extraordinarias urxentes de datas 28/08/2020 e 18/09/2020.
O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ás actas das sesións anteriores, ordinarias de data 16/06/2020 e 20/08/2020 e extraordinarias urxentes de datas 28/08/2020 e 18/09/2020.

Aprobación, se procede, da moción do Grupo Municipal do BNG sobre reactivación da asistencia sanitaria

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 5, En contra: 0,
Abstencións: 3, Ausentes: 1

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.
Exposición de motivos:

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo aoo noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A .COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drásticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centrara preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultadas tanto aos profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecían os profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, os celadorxs ao límite, soportando unha presión tremenda, é irnposíbel xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun



esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía ...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade,

É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías.

Instamos á Xunta a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupaciónais, logopedas, podólogos ...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

Aberto o debate prodúcens as seguintes intervencións:

Sra. Méndez Vilela.- Eu solo fago unha intervención para precisar que a atención



presencial mantívose en todos os centros de atención primaria pero con motivo da pandemia introduciuse unha valoración, a través dunha chamada telefónica, da necesidade da consulta presencial. Unha medida que consideramos razoable e de prudencia, que non foi exclusiva só en Galicia senón en outras comunidades autónomas. Esta cita telefónica previa permite detectar ás persoas con síntomas compatibles con infección de covid e diminúe o risco de transmisión secundaria. Son os propios sanitarios os que valoran o acceso ao sistema sanitario. Por tanto nós, vámonos abster nesta moción porque consideramos que si se está a facer un esforzo considerable para poder manter a calidade asistencial sanitaria.

Sra. Bascoy Maceiras.- Eu solo puntualizo un par de cousas, creo que todos somos conscientes do esforzo que se fai porque evidentemente a situación está esixindo uns recursos económicos e humanos enormes pero creemos que tamén existe maior compromiso, unha vez que vai avanzando, que vai pasando o tempo, no caso do Concello de Moeche, son varios os veciños, algún incluso toca nas familias dalgúns dos presentes, que chaman aquí para dicir que me atenden solo por teléfono ou non me collen, quero falar coa médica e non hai maneira. Hai que ver as características de cada país e, no noso caso, temos unha poboación envellecida que iso de que a atendan por teléfono é difícil de entender e, despois, a realidade está ahí, non se trata de culpar a ninguén pero este sistema está levando a que xente con enfermidades graves están sen resposta, creo que é necesario esixir un grao máis de responsabilidade. Fálase de establecer protocolos claros unificados, eu creo que son moi necesarios, o Concello de Moeche decidiu facerlle a proba do covid, no mes de abril creo que foi, ás traballadoras do SAF e aos traballadores de obras e servizos, cada un ten o seu centro de saúde, para facerlle a proba, con un laboratorio homologado, piden un papel do Sergas, do centro de saúde conforme podes facelo, ao final houbo que ir de pago, a outro sitio, fora dun laboratorio homologado, porque os centros de saúde, cada un tiña un criterio e só nun dos casos se lle asinou ese papel.

Sometida a votación a moción presentada, Pleno da Corporación Municipal presta a súa aprobación á mesma con tres abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e cinco votos a favor do Grupo Municipal do BNG

Aprobación, se procede, da moción do Grupo Municipal do BNG sobre prolongación ao ano 2021 do Día das Letras Galegas dedicado a Carvalho Calero

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 desde o pasado mes de marzo provocou a anulación ou o adiamento do calendario cultural galego.

Unha das efemérides culturais anuais de gran calado e recoñecemento social é a celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio, quer na súa vertente institucional



celebrada o propio día, quer na progresiva programación da actividade sociocultural vinculada á figura homenaxeada, ao longo de todo o ano e nos diferentes ámbitos entre os que sobrancea o ensino.

As medidas de confinamento, as fases de desescalada, a suspensión das aulas presenciais nos centros de ensino, así como as continuas medidas de distanciamento social e protocolos de prevención sanitaria que se viñeron aplicando e nos que aínda, con tantas incertezas perante as repuntas que estamos a vivir, continuamos, seguen a impedir conmemorar, como correspondería, a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas, Ricardo Carvalho Calero.

Esta imposibilidade vai alén do plano institucional e ten a ver, tamén, coa difusión da vida, obra e pensamento de Carvalho Calero a través dos centros de ensino, das librarías e bibliotecas públicas ou da importante actividade que o tecido social galego e o asociacionismo cultural de base realizan.

É por iso que o Bloque Nacionalista Galego se sumou no pasado mes de abril a todo un coro plural de voces que reclamaba prolongar a conmemoración de Ricardo Carvalho Calero ao ano 2021, porque resulta evidente que, mesmo agora xa camiño do último trimestre do ano e sen plenas garantías sanitarias, a crise provocada pola pandemia da COVID-19 fai imposíbel o desenvolvemento do Ano Carvalho Calero con normalidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG traslada a seguinte proposta de acordo:

1. O Pleno do Concello de Moeche acorda amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta a Xunta de Galiza a se dirixir formalmente á Academia Galega para así llo transmitir e solicitar formalmente.
2. O Pleno do Concello de Moeche acorda dar traslado do presente acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentares e á Academia galega.

Sometida a votación a moción presentada, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación á mesma.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de contas das resolucións da alcaldía

Relación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 20 de agosto e o 9 de outubro de 2020
das que se da conta o Pleno do concello na sesión ordinaria de data 15 de outubro de 2020:

Nº Decreto Descrición
2020-0103 ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
2020-0104 NOMEAMENTO DE SECRETARIO ACCIDENTAL

Concello de Moeche



2020-0105 BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
2020-0106 CONCESIÓN DE LICENZA POR VACACIÓNS
2020-0107 RECLAMACION DE CANTIDADE PÒR DANOS E PERDAS CAUSADOS POR ACCIDENTE SUFRIDO POR UN CABALO NO RECINTO DA DEPURADORA MUNICIPAL EN BALOCOS
2020-0108 CONCESION DE VACACIONS
2020-0109 ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
2020-0110 CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR FIN DE OBRA OU SERVIZO DUNHA AUXILIAR PARA REFORZO DO SAF
2020-0111 MODIFICACION DE CREDITOS SUBVENCION ASISTENCIA TECNICA NA ELABORACION DUN PLAN DE ACCION PARA O CLIMA E A ENERXIA SUSTENTABLE
2020-0112 AUTORIZACION VACACIÓNS
2020-0113 XGL/2020/21 CONVOCATORIA DE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL
2020-0114 XGL/2020/22 CONVOCATORIA DE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL
2020-0115 BAIXA EN AXUDA NO FOGAR
2020-0116 XGL/2020/23 CONVOCATORIA DE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL
2020-0117 PLN/2020/11"; "CONVOCATORIA DE O PLENO"
2020-0118 USO DO LOCAL SOCIAL DE ABADE ADC MOECHE
2020-0119 PRÓRROGA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL INTERINA DUNHA AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
2020-0120 CESIÓN DO CASTELO PARA VODA O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2020
2020-0121 PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
2020-0122 CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DE SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
2020-0123 PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
2020-0124 BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO
A Corporación Municipal queda enterada

Posta en coñecemento da corporación do informe sobre o cumprimento do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2020

En cumprimento do establecido no artigo 5º.4 da Lei 50/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, ponse en coñecemento da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigacións correspondente ao 3º trimestre de 2020, elaborado polos servizos económicos do Concello.

A Corporación Municipal queda enterada.

Neste momento incorporase á sesión a Concelleira Dª. Cristina García Rey

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos e preguntas

Sra. Méndez Vilela.- Quería sinalar a importancia de adiantar as axudas para o estudo

Concello de Moeche



e o transporte, queremos recordar, porque seguimos apostando e vémolos como unha urxencia entón queremos saber en que punto está ese tema.

Sra. Bascoy Maceiras.- Están as bases elaboradas pero non están convocadas porque hay dúas cuestións, unha, os prazos administrativos estiveron parados hasta maio, iso quere dicir que houbo que retrasar todo, estase dando prioridade ás licitacións e os prazos como van retrasados, isto tamén vai. De todas formas, o obxectivo do concello é facer cadrar, que é o que están facendo todos os concellos, o exercicio económico coa convocatoria, o problema dos cursos é que son de setembro a xuño e convocan nun ano e pagas en xaneiro para que che coincida, ao principio empezamos pagando en outubro e novembro e non coincide o exercicio económico e bo para as contas, para a regra de gasto é que todo vaia no seu exercicio. Convocarémolas pero non se pagarán hasta xaneiro.

Sra. Méndez Vilela.- Traemos un rogo, como decias antes temos unha poboación envellecida, falamos da compra dunhas gruas ortopédicas para o uso das persoas con mobilidade reducida e facilitaríase así o traballo das auxiliares do SAF.

Sra. Bascoy Maceiras.- Compráronse no Concello de Cedeira precisamente a proposta do BNG. Cando se poda compráronse, de momento o que estamos mirando é o das camas, as que temos pintáronse, lixáronse pero están moi deterioradas, son as que che dan xa de vello no hospital. Someterémolo a informe da traballadora social, aquí o que máis se demanda de sempre son as camas.

E, para que conste, estendese a presente acta da que eu, secretario accidental CERTIFICO

O secretario accidental.- Antonio García Méndez

Vº. e Pr.- A alcaldesa.- Beatriz Bascoy Maceiras

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Moeche

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200



Cod. Validación: 9WZGD7FTAMIFQF5T2PZZ5XJNA | Corrección: <https://moeche.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7